

Baleas piloto.

Desde os riscos volcánicos do sur de Tenerife obsérvanse as augas que levan ata a Gomera.

Entre ambas discorre unha fosa que penetra cara ás entrañas da terra e que a vida percorre en todas as formas posibles no mar: peixes, crustáceos, equinodermos, réptiles, moluscos... todos eles apoiados na base trófica do fitoplancton e o zooplancton, que os milagres da natureza sempre os explica a propia vida.

Aquí vive unha comunidade duns 500 caldeiróns tropicais, unha especie de cetáceos que se caracteriza por ter o melón, un órgano graxo situado na cabeza e relacionado coa ecolocalización, moi protuberante.

A abundancia de chocos nesta fosa propicia é o que propicia a presenza constante dos caldeirón, que non precisan emigrar na procura de alimento.

Os machos adultos adoitan alcanzar unha lonxitude duns cinco metros e medio, e poden chegar a pesar tres toneladas; as femias, bastante máis pequenas, non adoitan pasar da metade.

No sur de Tenerife desenvólvese unha certa actividade turística ligada aos caldeiróns. No entanto, a observación debe realizarse en superficie e con persoas e embarcacións autorizadas, que deben respectar as normas de aproximación e de ruído.

Como outros odontocetos, o caldeirón non é un animal esquivo. O roaz, como chaman a esta especie en Canarias, é fácil de distinguir doutros cetáceos próximos pola aleta dorsal negra arqueada e polo seu xeito de desprazarse na superficie

Case se diría que se achegan brincando risoños ás embarcacións, aínda que poden fuxir moi rápido si detectan perigo.

Un macho dominante dirixe o grupo, que adoita estar formado por entre 15 e 20 individuos. Como outros moitos cetáceos adoitan presentar un comportamento cooperativo.

Algúns antigos pescadores, logo de toda unha vida adicada a capturar animais, viven agora de achegarse a eles con respecto e de ensinar o seu profundo coñecemento do mar.

Os animais nunca defraudan aos visitantes; pero non se sabe si a impresión é recíproca. Do que non hai ningunha dúbida é de cal das dúas especies se manexa mellor na auga.

Os caldeiróns seguen bailando no océano, de arriba abaixo, de abaixo arriba...; ingrátidos, elegantes, con movementos tan precisos como suaves.

Entre Tenerife e A Gomera, nesta canle onde atoparon un hábitat idóneo, danzan, malia eses animais estraños con tegumento de neopreno que adoitan observarlos.